



Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de Sada

Avda. da Mariña N°25 CP15160 Sada - A Coruña
turismo@sada.gal
(+34) 638421054 / 981620075 Ext.264



BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NO SORTEO X FESTA DÁ XIBA (sorteo en Facebook)

1.- ORGANISMO ORGANIZADOR DA PROMOCIÓN

O Concello de Sada, a través da Concellería de promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente con sede na Avda. da Mariña N°25, CP 15160, Sada-A Coruña, organiza o sorteo (en diante, "a Promoción") de ámbito nacional, a desenvolver a través de Internet, exclusivo para usuarios residentes en España de acordo co disposto nos apartado requisitos de participación. A finalidade deste sorteo é premiar aos seguidores do Concello de Sada nas redes sociais así como promocionar as mesmas. Tamén supón unha promoción da X Festa da Xiba de Sada.

2.-DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN

A Promoción iníciárase o 23 de abril de 2019 ás 14.00 horas, e finalizará o 26 de abril ás 14.00 horas. Realizaranse en total 5 sorteos distintos o día 26 de abril de 2019 a partir das 14.00 horas.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN

Os requisitos de participación serán os seguintes:

- Poderán participar aquelas persoas que residan en España e sexan maiores de idade.
- Só poderán participar aqueles Participantes que sexan titulares dunha conta (non privada) en Facebook.
- Os Participantes deberán comentar a publicación do video promocional da Festa da Xiba do Concello na rede social Facebook etiquetando de forma pública a [2 amigos] durante o período de participación. Ademais deberán ser seguidores da conta de Facebook de Turismo de Sada (@turismodesada) e darlle a "gústame" na publicación do sorteo. Adicionalmente os participantes deben utilizar cada vez que comenten dita publicación deben realizalo empregando o Hastag (#) #FestaDaXiba, anunciado no momento da publicación en Facebook do inicio do sorteo.
- Os Participantes só poderán participar cun único perfil de Facebook. Se se detecta que un Participante participa con varios perfís de Facebook serán desqualificados.
- Aínda que os Participantes escriban varios comentarios nunha mesma publicación, soamente participarán cunha única participación no sorteo aleatorio.
- A aplicación acumulará mencións e hashtags dun mesmo Participante aínda que estean en comentarios distintos.



Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de Sada

Avda. da Mariña Nº25 CP15160 Sada - A Coruña
turismo@sada.gal
(+34) 638421054 / 981620075 Ext. 264



4.- CONDICIÓN DA PROMOCIÓN E PREMIOS

Elixirase aos gañadores de forma aleatoria. O gañadores serán comunicado o día 26 de abril a partir das 17:00 h. a través dos perfís sociais da marca, xunto co certificado de validez do sorteo. Os premios consistirán en merchandasing de Sada (5 camisetas e 5 mochilas da "Festa da Xiba"), as cales non se poderán trocar por diñeiro en metálico ou por calquera outro premio, nin pode ser obxecto de cambio ou alteración. A celebración do sorteo, así como a concesión do premio quedan suxeitos á normativa fiscal vixente. Unha vez que se estableza comunicación co gañador do sorteo, os premios poderanse recoller ata o día 1/5/2019 en horario de 9:00 a 14:00 h. na 3ª Planta do Concello de Sada (Departamento de Promoción Económica). Se o gañador non puidese recoller o seu premio poderá ser enviado por mensaxería correndo o gañador cos gastos de envío que xere devandito envío.

5.- DESCUALIFICACIÓN E PENALIZACIÓN

Se se evidenciase que calquera dos Participantes non cumpre cos requisitos esixidos nas Bases, ou os datos proporcionados para participar non fosen válidos, a súa participación considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos da Promoción perdendo todo dereito sobre os premios outorgados en virtude da mesma.

6.- PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios ou opinións cuxo contido se considere inadecuado, que sexan ofensivos, inxuriosos ou discriminatorios ou que puidesen vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Non nos responsabilizaremos dos danos ocasionados polos comentarios que fagan os Participantes na Promoción, e que en calquera momento puidesen ferir a sensibilidade doutros Participantes. A participación na presente Promoción, así como a publicación dos comentarios que se realicen por parte dos Participantes nas publicacións non poderán vulnerar baixo ningún concepto as regras comunitarias de Facebook nin as súas Condicións de uso.

7.-EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, non nos responsabilizamos das posibles perdas, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar o desenvolvemento da presente Promoción, así como tampouco nos responsabilizamos do uso que faga o Participante respecto do premio que obteña desta Promoción. Non asumimos a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puidesen impedir a realización da Promoción ou o goce total ou parcial do premio.



Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de Sada

Avda. da Mariña N°25 CP15160 Sada - A Coruña
turismo@sada.gal
(+34) 638421054 / 981620075 Ext.264



- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De conformidade co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos, cada participante coa aceptación destas Bases Legais consente que os seus datos persoais sexan incorporados a un ficheiro, titularidade desta, coa finalidade de xestionar o sorteo, así como difundir e dar publicidade aos seus resultados, e tramitar a entrega do premio. Informámoslle que pode exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Oposición, Limitación do tratamento, Portabilidade, esquecemento e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas mediante o envío dun e-mail a [turismo@sada.gal] ou ben mediante carta dirixida á seguinte dirección: [Concellería de promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente: Avda. dá Mariña N°25, 3ª Planta. Concello de Sada CP 15160], achegando en ambos os casos copia dun documento identificativo.

- CAMBIOS E ACEPTACIÓN

Reservámonos o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non prexudique ou menoscabe os dereitos dos Participantes na Promoción. O mero feito de participar no sorteo implica que o Participante acepta totalmente as condicións destas Bases Legais. Así mesmo, a participación nun sorteo desta natureza supón a aceptación das normas da rede social Instagram a través do cal se desenvolve o mesmo.

- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN Estas bases legais rexeranse de conformidade o art. 25.2 h) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que outorga competencias aos municipios sobre a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Para que conste a efectos oportunos a con data: 22/04/2019

O Concelleiro Delegado de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente do Concello de Sada:

Xose Lois Suárez Becerra